



### *A VIDA NÓMADE NO DESERTO*

No deserto de Mauritania, un país de África, moita xente é nómade e vive en tendas. Os pobos nómades non viven sempre no mesmo lugar, pois cada poucos meses trasladan a tenda uns cantos quilómetros máis alá e instálanse alí durante un tempo, ata que se volven trasladar.

Chantan as tendas no medio do deserto, pero en zonas non de todo áridas, nas que crecen algunhas plantas cheas de espiñas e mesmo algunhas arboriña, tamén de espiñas, e tan pequena que debaixo só se cabe deitado.

Iso permítelles recoller unha pouca leña para cociñar e quentarse pola noite.

En cada tenda vive unha soa familia, formada polo pai, a nai e uns cantos fillos, tres ou catro como mínimo. Os veciños máis achegados viven moi afastadas, sobre todo se pensamos que só se poden desprazar a pé ou camelo; poden estar a cinco quilómetros, aproximadamente.

A estrutura da tenda é moi sinxela: non hai paredes, nin dormitorios, nin cociña, nin lavabo; é só un espacio máis ou menos delimitado por unha gran tea branca de algodón, moi grossa e resistente, colocada enriba dun tronco enorme que se crava na area. A tea estírase por diversos puntos para que aguante. Neste espacio é onde de

noite dorme toda a familia, ben abrigada con mantas, e tamén ó mediodía se deleitan para se refuxiaren dos efectos abrasadores do sol.

Arredor de cada tenda pódense ver cabras e camelos, que son os únicos bens que posúe a familia: proporcionánlles leite e carne para se alimentaren, e tamén os poden cambiar na aldea por gran e por outros produtos básicos.

De feito, as cabras poden atoparse a miúdo dentro da tenda, porque elas mesmas escapan do sol coma poden.

1. Escolle o tema do texto entre os seguintes.

Por que hai nómades no deserto.

Como son as tendas dos nómades.

Que animais viven no deserto.

2. Numera (de 1-4) segundo a orde en que se dan estas informacións no texto.

Quen vive nunha tenda.

Como é a estrutura dunha tenda.

Que bens ten cada familia.

Onde se atopan as tendas.

3. Completa.

As tendas nómades atópanse en \_\_\_\_\_

A estrutura é \_\_\_\_\_

Na tenda viven \_\_\_\_\_

Arredor da casa da tenda pódense ver \_\_\_\_\_